

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de xullo de 2009

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudocio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día trinta e un de xullo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1043).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE MONTAXE E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA INFANTIL CASTRO CATIVO. EXPTE. 3027/335.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta de data 30.07.09, da secretaria da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a PRIME TIME ORGANIZACIÓN DE EVENTOS Y PUBLICIDAD, S.L. (NIF B27706258), o procedemento negociado con publicidade para a contratación do SERVIZO DE MONTAXE E INSTALACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA CASTRO CATIVO 2009 por un prezo total de 55. 045, 48 euros (a cota correspondente o IVE é de 7.592,48 euros)e coas seguintes prestacións adicionais:

- 1 inchable máis un monitor valorado en 2.250 €.
- 1 inchable multiobstáculos máis un monitor valorado en 2.800 €.
- 1 mesa cambia cueiros co cubo valorado en 100 €.
- 1 inchable pegamoscas máis un monitor valorado en 2.250 €.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-06-2009 e a oferta presentada.

2(1044).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS FESTAS DE VERÁN DE VIGO 2009. EXPTE. 3083/335.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta de data 30.07.09, da secretaria da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a ANÓNIMO PUBLICIDAD, S.L. (NIF B36721900), o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da difusión das festas do ano 2009 (expediente 3083-335) por un prezo total de 68.995, 94 euros (a cota correspondente o IVE é de 9. 516, 68 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22.06.2009 e a oferta presentada.

3(1045).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO LOTE 1 DO CONTRATO DE PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN DE VIGO 2009. EXPTE. 3128/335.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta de data 30.07.09, da secretaria da Mesa de Contratación, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a MEDIA ARTICKET, S.A. (NIF A36787364) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción integral das festas de verán do ano 2009 (expediente 3128/335) por un prezo total de 170.326, 80 euros (a cota correspondente o IVE é de 23. 493, 35 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22.06.2009 e a oferta presentada.

4(1046).- PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAIS. EXPTE. 3279/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 24.07.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o protocolo de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación IFEVI, para a colaboración na organización do Festival Alternavigo 2009.

2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado convenio.

PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO FEIRAL DE VIGO - IFEVI PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNavigo

En Vigo, de de dous mil nove.

R E U N I D O S

Dunha parte: D. Xesús López Carreira, Concelleiro da Area de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Doutra parte: D. Santiago Domínguez Olveira, Presidente do Comité executivo do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), CIF G-36.845.832, con enderezo en avenida Aeroporto-Cotogrande Vigo.

MANIFESTAN

Primeiro.- O IFEVI é unha Fundación declarada de interese industrial por Orde da Consellaría da Presidencia e Administración Pública de 7 de marzo de 2000 e de interese galego por orden da Consellería de Industria e Comercio de 30 de marzo de 2000.

En xeral son fins desta fundación a promoción de actividades comerciais, industriais, agro industriais, sociais, educacionais, culturais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

En particular, co obxecto de cumprir os seus fins a Fundación poderá organizar representacións culturais, musicais ou análogas.

Segundo.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Animación Sociocultural, ten entre as súas competencias a organización de diversos eventos festivos e culturais, como un elemento de especial importancia que contribúa a transmitir os valores da cidade e situala como fonte de cultura, dentro dun marco estratéxico e comunicativo xeral da cidade.

En congruencia con esta finalidade e cos obxectivos de facer unha oferta festiva cun signo de modernidade e identidade da cidade, na cal a cultura sexa un dos eixos de desenvolvemento que contribúa ao coñecemento e recoñecemento dentro e fóra de Galicia, programase ciclicamente ao longo do ano a organización do diversos eventos culturais, tales como o Festival Alternavigo, que requiren de determinada infraestrutura e equipamento necesario para o seu desenvolvemento.

Terceiro.- En consecuencia, o Concello de Vigo, atendendo ás características destes eventos considera que un dos lugares existente na cidade para poder realizar os mesmos son as instalacións do recinto feiral de Vigo (IFEVI), tanto pola súa capacidade de aforo do pavillón cuberto e instalacións auxiliares das que dispón, como pola súa capacidade organizativa e solvencia técnica, económica e profesional na organización deste tipo de eventos; motivo polo cal considérase oportuna unha actuación coordinada que optimice a utilización dos recursos de ambas as dúas entidades.

Cuarto.- Recoñecéndose segundo actúan a capacidade legal necesaria para contratar e obrigarse, e en especial, para celebrar o presente protocolo de colaboración, lévano ao efecto atendendo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer as pautas de orientación e de colaboración da Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Fundación IFEVI para a realización do Festival Alternavigo no ano 2009 nas instalacións do Recinto Feiral de Vigo.

Segunda.- Os compromisos de achegas de medios materiais e persoais, así como os de elaboración e execución do programa ou outras actuacións concretas, así como a concreción da comisión de

seguimento, serán recollidos posteriormente no correspondente convenio de colaboración que a tal fin se asine entre ambas as dúas partes. En todo caso, incluíranse como parte do contido de dito convenio de colaboración os seguintes compromisos que neste momento asumen as partes:

- A Fundación comprométese a por a disposición desta actividade as instalacións necesarias para a celebración do espectáculo musical nos días seguintes: 5 e 6 de agosto para a montaxe, 7 e 8 de agosto para a celebración do festival, 9 e 10 de agosto para o desmonte. Así mesmo, comprométese a realizar as actuacións necesarias para a adecuada organización do evento.*
- O Concello de Vigo comprométese a librar a favor da Fundación como mínimo a cantidade a que ascende o caché dos artistas que actuarán no evento, que actualmente estímase no importe de 120.060 euros, IVE incluído.*
- O libramento destas cantidades realizarase inescusablemente polo Concello de Vigo dentro do exercicio 2009.*

Terceira: A Fundación IFEVI xustificará o cumprimento da finalidade deste acordo e da aplicación dos fondos recibidos na forma que se concrete no correspondente convenio de colaboración que a tal fin se asine entre ambas as dúas partes, presentando en todo caso a seguinte documentación:

Memoria de execución xustificativa das actividades levadas a cabo para a execución das actividades, copia dos contratos asinados, datos de asistentes, memoria de prensa, rexistros fotográficos e audiovisuais, informe de incidencias, e cinco exemplares do material gráfico editado para a difusión.

Memoria económica xustificativa do custo final das actividades, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*
- Copia das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.*
- Relación detallada dos ingresos e axudas que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos.*

Cuarta: A vixencia deste convenio establécese ata o 31 de decembro do ano 2009.

Así de conformidade con canto antecede no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos asinantes, subscriben este Protocolo por triplicado exemplar.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.